



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 26 de febreiro 2020

A D.O. Ribeira Sacra asiste por primeira vez a Decanter

A **D.O. Ribeira Sacra** estará representada en **Decanter**, xunto con outras denominacións vitivinícolas galegas, nunha área específica de Galicia, "**Wines from Galicia**", que conta co apoio do IGAPE e que ten como misión resaltar o potencial do sector vitivinícola galego e poñelo en valor nos mercados internacionais.

A cita será o día **29 de febreiro**, no Landmark Hotel de Londres, a través do **Decanter Spain and Portugal Fine Wine Encounter 2020**, encontro vitivinícola de produtores de España e Portugal. Esta é a primeira vez que a D.O. Ribeira Sacra participa neste encontro e farao con 14 viños, pertencentes a 8 adegas:

- Don Bernardino S.L. (2 viños: 4ª Generación, Don Bernardino)
- Grupo Peago S.L. (3 viños: Condado de Sequeiras)
- Adega do Mollón S.L. (2 viños: Pombares "Lía", Pombares "Gloria")
- Adega Ponte da Boga S.L. (P Ponte da Boga)
- Marcos Fernández Ramón (Cruceiro)
- Tolo do Xisto S.L. (3 viños: Tolo do Xisto, Ruxe Ruxe, Tolo do Xisto Os Conventos)
- Bodegas Rectoral de Amandi SAU (Rectoral de Amandi)
- Rodríguez López, Víctor Manuel (Val da Lenda)

Os viños da D.O. Ribeira Sacra tamén estarán presentes na presentación '**Galicia Discovery Theatre**' a cargo da **Master of Wine, Sarah Jane Evans**. A cita, tamén en Landmark Hotel, neste caso ás 16.00, servirá para achegarse ás características vitivinícolas de cada D.O., as súas tendencias e métodos de elaboración do viño.